

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (FUNDACIÓN CETMAR) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "FOMENTO DA ECONOMÍA AZUL SECHURANA A TRAVÉS DUN CRECEMENTO RESILIENTE, COMPETITIVO E SOSTIBLE DO SECTOR PESQUEIRO E ACUÍCOLA DA BAÍA DE SECHURA. (SECHURA AZUL)"

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmárcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 85 da citada Lei enuncia entre as prioridades da Cooperación Galega, a agricultura, a pesca e acuicultura sustentables con enfoque de soberanía alimentaria.

Tamén que o V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 establece como Ámbito Estratéxico 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida, para o cal o Plan anual 2026 prevé dar continuidade á cooperación de carácter técnico en materia de pesca e acuicultura coa Fundación CETMAR.

(2) Antecedentes: A Fundación CETMAR é unha fundación pública de interese galego con longa experiencia e que ten entre os seus obxectivos colaborar no desenvolvemento do sector da pesca e acuicultura, executando proxectos pesqueiros e acuícolas cun enfoque de cooperación para o desenvolvemento e soberanía alimentaria.



Con esta entidade se asinan convenios de colaboración anuais para a posta en marcha de proxectos de asistencia técnica en materia de pesca e acuicultura, un dos sectores de especialización da Cooperación Galega, onde se pode aportar un maior valor engadido pola experiencia de institucións como o CETMAR.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración co CETMAR en apoio ao sector pesqueiro e acuícola en Perú, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o día 1 de xaneiro de 2026, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación CETMAR no proxecto denominado “Fomento da economía azul sechurana a través dun crecemento resiliente, competitivo e sostible do sector pesqueiro e acuícola da Baía de Sechura. (SECHURA AZUL)”.

O proxecto ten como obxectivo a mellora da sustentabilidade ambiental, a produtividade e a capacidade de xestión das explotacións acuícola de cuncha de abanico na Baía de Sechura; a adopción de criterios de rastrexabilidade dos produtos frescos procedentes da pesca artesanal; e o reforzo de capacidades institucionais para a mellora da gobernanza dos recursos pesqueiros e acuícolas do norte peruano.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de asistencia técnica en apoio ao fortalecemento do sector pesqueiro e acuícola nos países socios realizadas pola Fundación CETMAR, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a necesidade da súa posta en marcha, así como a natureza



específica da entidade destinataria, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público e maila natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custo total do proxecto, que ascende a cento seis mil trescentos setenta e sete euros con sesenta e cinco céntimos (106.377,65 €), aboará á Fundación CETMAR a contía máxima de cen mil euros (100.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0 do orzamento vixente para o ano 2026.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

